

VIII  
CURSO  
INICIACIÓN



RIBADEO  
27 · 29 XULLO

# CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS

## PREZO DO CURSO

Alumnado da EMMeD de Ribadeo: 60€

Resto de alumnado: 70€

A inscrición realizarase facendo o ingreso no número de conta (Banco Pastor) que figura a continuación e enviando un email ou unha mensaxe de Whatsapp cunha foto do xustificante de pago ó contacto do coordinador do curso.

**ES45 0238 8147 98 0600190871**

As inscricións poderanse efectuar ata o 20 de xullo.

## HORARIO

de 10 a 14 e de 16 a 19 h.

## PARA MAIS INFORMACIÓN

Coordinación do curso: Rubén Solloso Irimia

Teléfono: 677 73 40 84

Email: [rubn\\_solloso@yahoo.es](mailto:rubn_solloso@yahoo.es)

## OBSERVACIÓNS

A organización resérvase o dereito de suspender o curso no suposto de non cubrirense un mínimo de alumnos/as ao peche do período de inscrición, así como a substitución dalgún profesor que por causa xustificada non poida asistir.

# SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Nome

---

Apelidos

---

Data de nacemento

---

DNI

---

Enderezo

---

Poboación

---

CP

---

Teléfono

---

Instrumento

---

Coñecementos musicais

---

---

Enviar a:

**RUBÉN SOLLOSO IRIMIA**

677 73 40 84

rubn\_sollosos@yahoo.es

Sinatura e data

---

# WILSON ORTEGA RUEDA

## *Trompeta*

Considerado uns dos trompetistas cubanos máis versátiles de Europa, desenvólvese tanto na interpretación da música clásica como no máis profundo jazz latino. Comenza os seus estudos de trompeta á idade de dez anos na súa vila natal, Guanabacoa-La Habana (Cuba), no Conservatorio de Música “Guillermo Tomás”. Continúa os seus estudos de grao medio de Trompeta no Conservatorio Provincial “Amadeo Roldán” cunha carreira excepcional e as máis altas calificacións, coroada co 1º Premio en Interpretación no Concurso Nacional “Amadeo Roldán”. Ós 18 anos forma parte da Banda Nacional de Concerto e a Orquesta do Gran Teatro da Habana baixo a dirección do mestre Norman Milanés. Máis tarde interesado na música moderna popular e o jazz pertence a numerosas agrupacións de prestixio en Cuba que o levan a visitar máis de 10 países, incluída España, onde, desde 1997, fixa a súa residencia de maneira permanente na Coruña, onde conclúe os seus estudos superiores no Conservatorio Superior da Cidade.

Recibiu clases dos máis prestixiosos trompetistas tanto no ámbito clásico como no Jazz. Algúns deles son Maurice André, José María Ortiz, Andre Micó, Rex Richardson, Walter White, Luis Aquino, John Miller, Pierre Dutot, Mathew Simon e Arturo Sandoval. Actúo con figuras internacionais como Paquito d´Rivera, Rex Richardson, Walter White, George Coleman, Cristina Pato, Josep Vincet, Omar Sosa, Jorge Pardo, Rosa Cedrón, Sandeep Das, Melendi, Rosa López, Manu Carrasco, David Civera e David Bisbal.

Dentro do panorama galego colaborou con músicos de Berrogüeto ou Luar na Lubre. Como trompeta solista e 1º trompeta colaborou en diversas Bandas de música e Big Bands como “Gran Canarias Big Band”, “CSM A Coruña Big Band”, “Big Band Presto Vivace” e “Gallaecia Big Band”, así grupos de fusión como “La Timba” ou “Cumbe” e orquestras populares como “París de Noia”, entre outras. Como solista destacan as súas interpretacións do Concerto para Trompeta e Banda de Harry James. Ten no seu haber máis de 10 grabacións editadas onde colaborou non só como instrumentista senón tamén como arreglista. Foi entrevistado recentemente pola prestixiosa páxina Internacional de Trompetistas “Trumpetland”.

No campo da docencia exerciu como Profesor de Trompeta e Música de Cámara nos Conservatorios de A Coruña, Santiago de Compostela e Culleredo e impartido numerosos cursos especializados por toda a xeografía galega, e recentemente na Habana, Cuba. Na actualidade é Profesor Música do Centro Liceo La Paz e Profesor de Trompeta no seu Conservatorio de Música Profesional “Liceo La Paz” e Director da súa Banda Infantil. Colabora activamente en diversos proxectos e eventos musicais como “Galician Connection”, “Festival de Jazz BurgoJazz”, Festival de Jazz de A Coruña “JazzAtlántica” e o prestixioso “Festival Internacional de Trompeta de Maspalomas” (G. Canarias).

Es Director de “Feel Jazz Trio”, “Wilson & Friends” e membro de “Back Bigstage” bandas altamente técnicas cun dominio virtuoso do apartado instrumental e unha digna de ter en conta vea creativa.



# JOSE GARCÍA

## *Saxofón*

Titulado Superior na Especialidade de Jazz (saxofón) polo Conservatorio Superior de Música da Coruña. Cursa estudos de Diploma Profesional en Música Moderna en Estudio Escola de Música de Santiago de Compostela, escola adherida a la IASJ, (International Asociation of Schools of Jazz).

Actualmente é Profesor de saxofón da Escuela de Músicos da Coruña e Profesor de vento-madeira da Escuela Municipal de Música do Concello de Foz.

Asiste a diferentes Master Class con Steve Brown (New York), Aruan Ortiz (New York), Rosario Giuliani (Roma), Randal Hall, (Philadelphia), Jorrit Dijkstra (Berkeley, Boston). Participa en seminarios con: Bobby Martínez, Brian Traidor, Jeff Jerolamon y Richie Ferrer, Roberto Somoza, Fernando Llorca, Andy Philips, Charlie Moreno y Carlos Calviño.

Integrante de Quique Alvarado Cuarteto y de Alfredo García Quartet (Riding into a new path. 2012), participa con a súa propia formación Jose García Wild Trío no Imaxina Sons, Festival Internacional de Jazz de Vigo. Integrante de DinA4, formación coa que actúa no Festival Internacional de Jazz de Vigo e no Festival de Jazz y Música Moderna de Monforte de Lemos.

Forma parte ou colabora con diferentes formacions entre as que destacan: Imaxina Sons Jazz Orquestra, Big Band pertencente ao Festival Internacional de Jazz de Vigo, a recentemente creada Orquestra de Jazz de Galicia, Borja Quiza Bigband; José Somoza Bigband e Bigband do Conservatorio Superior de Música de A Coruña, formación coa que participa na gravación de “Galitalia Jazz Meeting”, formando parte da representación da primeira promoción de Titulados Superiores en Jazz de Galicia, dentro do festival Ibero jazz 2011, baixo a dirección de Antonio Solimene e a participación de Rosario Giuliani.

Ademais colabora ou forma parte de outras formacions con diferentes estilos musicais como: Kosmic Muffing, Miki Nervio & The Bluesmakers, FLU, Brothers in Band, Victor Aneiros Band, Susana Seivane, SES, Heredeiros da Crus, Black, etc. Realiza asimismo diversos traballos para a Televisión de Galicia como a Gala Saudade de Ti, (homenaje a Andrés Dobarro, 2007), serie televisiva Los Atlánticos (2008) ou programas “late night” como “Land Rober” y “Tourilandia”.

Dende o ano 2008 é coordinador da área musical do Campus Juvenil Internacional Climántica, programa de sensibilización medioambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

# MARCOS PIN

## *Guitarra*

Guitarrista e Compositor de Jazz.

Marcos Pin nace en Lugo o 2 de outubro de 1974. Comeza a tocar a guitarra moi cedo pero non amosa un especial interese polo Jazz ata a súa adolescencia tras descubrir este xénero gracias á radio.

Tras caer nas redes do Jazz estuda en Santiago de Compostela na “Estudio Escola de Música”, única escola na época en Galicia adicada á divulgación de esta música.

Sobrevive musicalmente durante estos anos de formación tocando con diferentes bandas de rock, pop, folk, blues e música de baile.

Marcos acaba en Holanda, onde finaliza “Cum Laude” os seus estudos de guitarra Jazz no “Royal Conservatorium”, en La Haya, á par que desenvolve unha importante laboura como músico de Jazz nos innumerables “venues” holandesas. Estudia también composición e arreglos no conservatorio de Amsterdam. En Holanda coñece e colabora con infinidade de músicos pero é co saxofonista grego Thanos Athanasopoulos co que desenrola un interesante proxecto que cumpliu xa máis de dez anos: Athanasopoulos / Pin Jazz Quartet.

Pin tocou en infinidade de clubs, festivais e, como non, eventos de toda índole. Destacan na súa carreira escenarios de renombre como o “Alice Tully Hall”, Lincoln Center, NY e festivais como North Sea, Voorschoten, Imaxinasons, Ciclo 1906 e un largo etc.

Participou en proxectos nos que podemos encontrar músicos como: Rolf Delfos, John Ruocco, Rachel Goud, Eva Folch...

No ano 2013 Pin estivo nominado ós “Premios Martín Codax” na categoría mellor proxecto de Jazz.

Actualmente Marcos Pin lidera o seu propio grupo, o cuarteto “Organic Collective” xunto ó batería Carlos López e en contraposición ó decateto Factor E-Reset. Por suposto, segue tocando con Thanos e traballa como aclamado “sideman” en España.

É profesor titular de guitarra Jazz en Estudio Escola de Música, Santiago de Compostela, dende 2006.

Fai poucos meses acaba de publicar o disco “Triangle and Square”.



# BRUNO COUCEIRO

## *Batería*

Comeza a estudar música ós 17 anos na EMMC (Escola Municipal de Música da Coruña) onde se forma durante 8 anos, principalmente no ámbito da “batería/percusión” da man de Miguel Cabana e linguaxe “musical/armonía” con Lalo Carnota e J.A. Acuña.

Neste tempo asiste a diversos seminarios de Jazz, como o impartido por Jeff Jerolamon e tamén de música brasileira da man de Jao Bosco, compaxinando isto con diversas masterclass con Gregg Bissonette, Ángel Rey ou Yoel Paez.

Comeza cedo a súa andadura como músico profesional, tocando en diferentes orquestras de baile, con diversas formacións de estilos variados (Jazz, Soul, Rock, Pop etc..) e tamén como músico de estudio.


No ano 2011 faise músico freelance e compaxina a docencia cos proxectos musicais nos que está inmerso.

No ano 2012 gana o concurso nacional de bandas de jazz/fusion organizado pola Fnac e a fundación Paideia, grazas ó proxecto “Alfredo García Quartet”.

No ano 2016 obtén a titulación do “Grado 8” da “Rock School”.

Actualmente é endorser das marcas “Santafe Drums” e “Murat Diril Cymbals”.

Concello de  
**Ribadeo** 

 Asociación  
Amadores da Música

 Escola Municipal  
de Música e Danza  
de Ribadeo



  
TIENDA DE MÚSICA